

MIÑOTO- RIBEIRO

PEREGRINAMENTE

Caderno de campo

Este caderno de campo que tes nas túas mans servirá para tomar anotacións e facer actividades coas que acadarás un maior coñecemento do Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro e mesmo poderás chegar a ser **Valedor/a do Camiño.**



Raiceiros



MIÑOTO- RIBEIRO PEREGRINAMENTE

Caderno de campo



Datos persoais

Nome: _____

Apelidos: _____

Centro educativo: _____

Lugar: _____

Concello: _____

Benvida e bo camiño!

Propoñémosche iniciar un percorrido co que descubrirás o Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro tanto no seu conxunto, como na túa contorna máis próxima.

Este caderno de campo que tes nas túas mans servirá para tomar anotacións e facer actividades coas que acadarás maiores coñecementos sobre este itinerario de peregrinación, e mesmo poderás ser Valedor/a do Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro.

| | | | | | | | | |
|---|----|--|---|---|---|---|---|----|
| B | O | | C | A | M | I | Ñ | O |
| 2 | 10 | | 3 | 1 | 7 | 6 | 9 | 10 |

¿? Sabías que...

~ Os Camiños de Santiago son un conxunto de rutas que conducen aos peregrinos/as ata a Catedral de Santiago de Compostela. Aquí atópase a tumba do Apóstolo Santiago; esta foi descuberta case 800 anos despois do seu falecemento, grazas a unha estrela que sinalou a súa localización.

~ Na antigüidade, o significado do Camiño de Santiago estaba ligado ao relixioso ou como ruta de comercio. Actualmente, o significado do Camiño é moito máis complexo e diverso; acolle aspectos da relixión mesturados coa tradición e a cultura, así como con temas persoais e espirituais.

~ O Camiño de Santiago é unha ruta internacional; suma percorridos nos que teñen espazo todas as culturas, relixións e idiomas do mundo.

~ O rei Afonso II 'O Casto', é considerado o primeiro peregrino a Santiago. Cando lle comunicaron a aparición dos restos do Apóstolo, púxose en camiño, e ao chegar a Compostela mandou construír a primeira edificación para renderlle culto (arredor do ano 834). O camiño que seguiu o rei, desde Oviedo, é o que coñecemos como Camiño Primitivo (con máis de 300 quilómetros).


O CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño de Santiago foi declarado "Primeiro Itinerario Cultural Europeo" polo Consello de Europa (1987) e "Patrimonio da Humanidade" pola UNESCO (1993). Pero, son moitos os camiños que levan a Compostela.

→ Investiga en internet os puntos de orixe e destino, así como os itinerarios das diferentes rutas do Camiño de Santiago. No mapa da seguinte páxina, identifica as rutas con distintas cores, atoparás un mapa máis completo da península Ibérica na páxina 44.

| RUTAS | ORIXE | CHEGADA |
|----------------------------------|-------|---------|
| Camiño Francés | | |
| Camiño de Fisterra e Muxía | | |
| Vía da Prata | | |
| Camiño Inglés | | |
| Camiño Primitivo | | |
| Camiño Norte | | |
| Ruta do Mar de Arousa e río Ulla | | |
| Camiño de Inverno | | |
| Camiño Portugués | | |
| Camiño Portugués da Costa | | |
| Camiño Miñoto-Ribeiro | | |

• Identifica mediante cores as diferentes rutas:



Símbolos do Camiño de Santiago

Antes de iniciar a ruta que che imos propoñer, debes coñecer algúns dos símbolos máis importantes do Camiño de Santiago, e que seguro atoparás na túa peregrinación.

→ Estes elementos representan á perfección o fenómeno xacobeo e a súa riqueza cultural. Serás quen de identificalos?



1. Atópase na costa do mar en Galicia

V _ _ _ _ _

2. Indica a dirección que debes tomar no Camiño de Santiago. É dunha cor.

F _ _ _ _ _ A _ _ _ _ _

3. Fito de pedra que marca a distancia.

M _ _ _ _ _

4. Unha cruz en forma de espada, de cor vermella.

C _ _ _ _ _ d _ _ S _ _ _ _ _

5. É un apoio para o camiño que te aguanta cando estás canso/a.

B _ _ _ _ _

6. A súa función principal era transportar líquidos e mantelos fríos. É un símbolo vinculado a camiñantes medievais.

C _ _ _ _ _

7. Trátase dun documento que a modo de pasaporte é utilizado para recoller selos ao longo do traxecto, e así demostrar que realizaches a ruta.

C _ _ _ _ _

8. Certificado que se entrega ás persoas peregrinas á súa chegada a Santiago de Compostela, como acreditación de facer o Camiño. Para obtelo debes ter realizado 100 quilómetros a pé ou en cabalo, ou 200 en bicicleta.

C _ _ _ _ _

9. Templo compostelá onde se atopan os restos do Apóstolo Santiago. É punto de chegada de todas as rutas xacobeas que percorren a península e Europa.

C _ _ _ _ _ d _ _ S _ _ _ _ _

10. Cita moi especial no Camiño de Santiago, xa que só se celebra 14 veces cada século; cada ano cuxo 25 de xullo cae en domingo. Con este motivo ábrese a Porta Santa.

A _ _ _ S _ _ _ _ _

11. Incensario de gran tamaño da Catedral de Santiago de Compostela.

B _ _ _ _ _

12. Obra de arte ideada polo Mestre Mateo. Atópase na entrada occidental da catedral.


P _ _ _ _ _ d _ _ G _ _ _ _ _

13. Manuscrito de grande relevancia, considerado como a primeira guía do Camiño de Santiago.


C _ _ _ _ _ C _ _ _ _ _

→ Agora que xa sabemos algo máis do Camiño de Santiago, trata de atopar o símbolo equivocado nestes mosaicos de frechas e cunchas:

• As frechas do Camiño indican dirección e nunca atoparás unha cara a abaixo. Identifica a frecha incorrecta.



• A cuncha non é un indicador de dirección, senón un símbolo do Camiño, e sempre está na posición do pé —parte estreita— cara á esquerda. Señala as 6 incorrectas



Algunhas recomendacións para o Camiño

Se tomaches a decisión de facer o Camiño, parabéns porque vai ser unha experiencia inesquecible. E se queres que o que se manteña no teu recordo sexan momentos positivos, ten en conta o seguinte:



Adestra antes: de curtos paseos a aumentar quilómetros andando.



Calzado cómodo e xa usado, se decides facer o camiño a pé.



Calcetíns de algodón e sen costuras.



Mochila adaptada e pouco peso (tendo en conta a complexión de cada quen).



Viaxa co indispensable.



Pequeno botiquín.



Alimentación lixeira e hidratación para repoñer forzas entre as etapas.



Non tires nada no Camiño e non leves nada que non sexa teu.



Leva elementos reflectantes para facerte ver.



Compórtate con sentido común.



En caso de emerxencia: chama ao teléfono 112.



Goza das paisaxes e despexa a mente ante novas aventuras.

→ Tenta cubrir os ocos que faltan, observando o resto de pistas que tes polo caderno.




| | | | | | | | |
|----|---|---|---|---|---|---|---|
| S | A | N | T | I | A | G | O |
| 13 | | | | | | 5 | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|----|---|---|---|---|----|---|
| C | O | M | P | O | S | T | E | L | A |
| 3 | | 7 | 17 | | | | | 18 | |

O CAMIÑO XACOBEO MIÑOTO-RIBEIRO

Escolliches ben! Boa elección!

Este camiño que pasa pola proximidade da túa casa, non é un camiño calquera; é o Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro. Un camiño que ao longo da historia percorreron peregrinas, peregrinos e arrieiros, deixando as súas pegadas.

| | | |
|---|--|--|
|  | Lonxitude do itinerario principal (Braga - Compostela) | 265 Km |
|  | Dificultade | Media |
|  | Rutas | Desde Portugal, 3 variantes de entrada a Galicia |

¿? Sabías que...

O Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro é un dos camiños históricos de peregrinación máis antigos que enlazan o norte de Portugal coa cidade de Santiago de Compostela. É por natureza eixe vertebrador dun territorio que acolle entre outras características, catro elementos diferenciadores que lle confiren un carácter específico propio: historia, natureza, termalismo e viño.

A ruta

Este camiño ten tres entradas desde Portugal a Galicia, e logo atravesa lugares das provincias de Ourense e Pontevedra, e entra na da Coruña pola Ponte de Sarandón (Concello de Vedra).

1. Desde Braga, atravesa Vila Verde, Ponte da Barca, Arcos de Valdevez, Monção, Melgaço, e xa en terras galegas os concellos de Padrenda, Pontedevea, Cortegada, A Arnoia, Castrelo de Miño, Ribadavia, Beade, Leiro, O Carballiño, Boborás, Beariz, Forcarei, A Estrada, Vedra, Boqueixón e Santiago de Compostela.
2. Desde Braga: Vila Verde, Ponte da Barca, Ermelo, Lindoso, e en terras galegas a Baixa Limia, Lobios, Entrimo, Castro Laboreiro e Padrenda, onde se uniría ao itinerario principal.
3. Terras de Bouro, cara a río Caldo e Lobios, Entrimo, Castro Laboreiro e Padrenda onde se uniría ao itinerario principal.

→ Na seguinte táboa, ordena os concellos galegos por provincias galegas polos que pasa o Camiño Miñoto-Ribeiro.

| | |
|---------------------------|--|
| Ourense 11 concellos | |
| Pontevedra 2 concellos | |
| A Coruña 3 concellos | |


→ Sitúa no mapa o nome de todos os concellos e lugares galegos e portugueses que atravesa o Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro.

Concellos e localidades galegas

| | |
|----------------|------------------------|
| Lobios | Santiago de Compostela |
| Lestedo | San Clodio |
| Ponte Sarandón | Entrimo |
| Cortegada | Pazos de Arenteiro |
| Padrenda | Soutelo de Montes |
| Pardemarín | Ribeira |
| Forcarei | Ribadavia |

Concellos e localidades portuguesas

| | | |
|-------------------|---------|------------------|
| Vila Verde | Melgaço | Ponte da Barca |
| Arcos de Valdevez | Braga | Castro Laboreiro |
| Monção | Lindoso | Terras de Bouro |



A entrada en Galicia

A entrada en Galicia do itinerario principal deste camiño sitúase no lugar de Acivido (desde Melgaço dirección Cevide). Un lugar histórico, que é paso fronteirizo con Portugal; unha liña imaxinaria que separa dúas terras unidas por séculos de historia, e que é a fronteira máis antiga de Europa. Neste punto atópase o marco número un de ámbolos dous países.

→ Descubre cal é a distancia do itinerario principal do Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro:

entre Braga e Acivido (parte portuguesa): _____

entre Acivido e Santiago (parte galega): _____



entre Braga e Santiago: _____

→ Se realizamos o percorrido completo (Braga - Santiago de Compostela) en etapas de 20 quilómetros, cantos días nos levaría facer a ruta completa:

→ Xa probaches os manxares dun e doutro lado da raia? Que 2 pratos principais e que 2 sobremesas destacarías das cocinas de ámbolos dous países?

| | Pratos principais | Sobremesas |
|----------|-------------------|------------|
| Portugal | | |
| Galicia | | |

→ Saberías pintar as bandeiras galega e portuguesa coas súas cores correspondentes?



HISTORIA

O legado histórico do Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro é de grande importancia e valor: castros, petróglifos, mámoas, calzadas romanas, camiños medievais, mosteiros, hospitais, igrexas, aldeas, vilas...

Abundan documentos históricos que fan mención a este itinerario de peregrinaxe.

Un exemplo é a solicitude que emite o capitán xeneral do Reino de Galicia (1783), respecto dun memorial realizado por un cóengo da catedral de Santiago, que despois de tomar os baños na vila ourensá de Cortegada se queixa do mal estado dos camiños e das pontes que conducían á cidade do Apóstolo. Demanda o seu arranxo coa finalidade de que puideran transitar mellor por el "os peregrinos, viaxeiros e comerciantes".

→ Investiga por que este Camiño recibe o nome de Miñoto-Ribeiro:

→ Que coñeces do teu concello? Nesta actividade imos descubrir o patrimonio que tes arredor.


• Nome do teu concello: _____

• Que patrimonio arquitectónico (monumentos...) coñeces do teu concello?

| Tipo de monumento | Data de construción | Situación |
|-------------------|---------------------|-----------|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

→ Ponte en contacto con familiares, veciños e veciñas, e pregúntalles polo itinerario do Camiño Real / Miñoto-Ribeiro ao paso polo teu concello.

→ Busca un mapa do concello e debuxa esa ruta (Camiño Real / Miñoto-Ribeiro) identificando o nome das aldeas e parroquias que atravesas.



→ Desenvolve unha recollida de campo (cos avós e coas avoas, coa veciñanza...) de historias, lendas, ditos e refráns, cántigas, cancións... sobre o Camiño de Santiago. Cubre a ficha de recollida de campo tantas veces queiras (para iso, copia no resto de páxinas os enunciados da ficha).

Se queres, envía o traballo de recollida a raiceiros@gmail.com, e axudarámosche a difundilo.

**Recorda, o noso patrimonio hai que protexelo,
conservalo e difundilo!**

→ Emprega estas liñas para tomar anotacións:

→ Tenta cubrir os ocros que faltan, observando o resto de pistas que tes polo caderno.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|----|---|---|
| M | I | Ñ | O | T | O | - |
| | | | | 14 | | |

| | | | | | | |
|----|---|---|---|---|---|---|
| R | I | B | E | I | R | O |
| 12 | | | 4 | | | |



Ficha de recollida de campo:

No Camiño

Data da recollida: _____

Lugar de recollida: _____

Nome e apelidos: _____

(da persoa á que lle realizas a recollida)

Identificación do tipo de recollida:

historia lenda canción refrán dito

outra _____

Escribe aquí o que che contaron:

Cando remates de cubrir a ficha, puntúate como Valedor/a do Camiño ☆☆☆☆☆

NATUREZA

En todas as estacións do ano, e en calquera lugar do camiño a natureza é sorprendente. Conta cunha gran riqueza e variedade de flora e fauna.

Podemos atopar sobreiras, carballos ou piñeiros, que nos dan sombra, subirnos a atalaias naturais para contemplar as paisaxes, así como distintos ríos que nos refrescan e acompañan no camiño, como poden ser: o Miño, Avia, Deva, Limia, Arnoia, Ulla... E algún que outro bichiño que nos fará compañía durante o percorrido.

→ A ver se es quen de responder...

• Que lugares (patrimonio natural) do teu concello destacarías? Explica:

• Identifica os ríos/regueiros que son atravesados polo Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro no teu concello.

• Identifica a arquitectura popular vencellada á auga e ós ríos. Existen pontes antigas, pontóns, balnearios, pasos de barca, termas, muíños ou lavadoiros na túa zona? Cales? Como lles chaman?

• Indica o nome de 5 árbores ou plantas, e de 5 animais que se poden atopar no lugar onde vives.

| Árbores / Plantas | Animais |
|-------------------|---------|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

→ Tenta cubrir os ocos que faltan, observando o resto de pistas que tes polo caderno.



| | | | | | | | |
|---|---|---|--|----|----|---|---|
| R | Í | O | | U | L | L | A |
| | | | | 15 | 18 | | |

→ Sae de paseo cunha persoa adulta, e debuxa a paisaxe que máis che guste:

Nome do lugar: _____

TERMALISMO

Un sinal de identidade deste camiño é a proliferación de augas termais ao longo do seu percorrido; semellan colocadas estratexicamente.

Estas augas proporcionábanlles a peregrinas, peregrinos e camiñantes un bo alivio para a súa fatiga ou para calquera doenza que sufrisen na súa peregrinaxe.

→ Na seguinte sopa de letras busca os lugares que contan con augas termais:

| | | |
|-----------------------|--------------------------|--------------------|
| Lobios | Arcos de Valdevez | Cortegada |
| Braga | Monção | Arnoia |
| Ponte da Barca | Melgaço | Prexigueiro |
| | Padrenda | |

| | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| K | G | W | E | V | Ñ | X | G | X | I | D | A | C | V | V | A |
| A | B | O | R | I | E | U | G | I | X | E | R | P | H | C | O |
| Z | E | V | E | D | L | A | V | E | D | S | O | C | R | A | Ç |
| U | P | W | J | F | R | A | O | Z | C | X | E | A | G | T | A |
| M | Z | X | P | O | I | X | Ç | O | L | O | B | I | O | S | G |
| O | P | G | W | O | L | H | R | R | A | A | W | M | Y | F | L |
| N | L | L | N | X | W | T | P | A | D | R | E | N | D | A | E |
| Ç | V | R | O | K | E | G | I | E | A | L | E | F | G | Ñ | M |
| A | A | E | F | G | F | V | T | G | K | Y | F | A | F | L | G |
| O | L | W | A | F | X | N | F | I | V | M | R | V | H | Z | Ñ |
| E | B | D | Q | N | O | V | N | M | S | B | H | N | V | D | L |
| Q | A | M | J | P | X | Z | M | X | Ñ | V | D | A | F | I | H |

→ Pregunta e investiga se no teu concello ou nos concellos veciños hai algunha fonte de augas quentes. Debúxaa ou faille unha foto e intenta responder as seguintes cuestións:

Lugar: _____

Ano de construción: _____

→ Tenta cubrir os ocos que faltan, observando o resto de pistas que tes polo caderno.



| | | | | |
|---|----|---|---|----|
| A | U | G | A | S |
| | 15 | 5 | | 13 |

| | | | | | | |
|----|---|----|---|---|---|---|
| T | E | R | M | A | I | S |
| 14 | | 12 | | | 6 | |

VIÑO

Ao longo da historia, esta ruta medieval ademais de ser ruta de peregrinación foi utilizada polos arrieiros para levar o viño do Ribeiro a Santiago de Compostela. Pola Porta de Mazarelos entraban en Santiago os viños do Ribeiro e do Val do Ulla. Traíanos en distintos recipientes, como pelellos, sobre animais de carga, ou en barrís —pipas, pipos, bocois...— se se transportaban nun carro.

→ Sóache iso dos arrieiros? Hai un refrán popular moi empregado que di iso de ... “arrieiros somos e no camiño nos atoparemos”. En portugués dise do mesmo xeito e ten o mesmo significado. Pero quen son?

→ Investiga cantos litros ten un moio de viño. E unha ola?

→ Identifica as diferentes zonas vinícolas que atravesas o Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro tanto en territorio galego, como portugués. Pertencen a algunha denominación de orixe? a cales?

| | |
|----------|--|
| Galicia | |
| Portugal | |

→ Saberías dicirnos unha receita onde se empregue o viño para cociñar? Pregunta na casa e cubre a seguinte ficha:

Receita especial do Camiño Miñoto-Ribeiro

Nome da receita: _____

Ingredientes:

Elaboración:

PEREGRINAXE

Entre peregrinas e peregrinos que atopamos no Camiño adoitamos saudarnos de distintas maneiras: antigamente empregábase *Ultreia! Et suseia!* e actualmente, *Bo Camiño!*

Se alguén che di *Ultreia!* (que significa: Vamos alá!) ti contesta con *Et suseia!* (que significa: e máis arriba!). Se che din: *Bo Camiño!* podes contestar o mesmo.

Non o esquezas e deséxalles boa ruta ás persoas que atopas camiñando.

Tamén poderás practicar idiomas, pois, como xa dixemos, son moitas as persoas que chegan de distintos lugares do mundo a facer o Camiño.

→ **Anímate a cumprimentar o pequeno dicionario de expresións e termos en distintas linguas da seguinte páxina. Colorea as bandeiras coas cores correspondentes.**


Se chegaches ata aquí considérate unha verdadeira peregrina ou un verdadeiro peregrino!!!

Xa podes realizar o tramo do Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro ao paso polo teu concello. Faino acompañada/o dunha persoa adulta. Tamén podedes organizar unha saída cos compañeiros e coas compañeiras de clase, ou mesmo con toda a familia.


Recorda selar a folla da credencial que vai xunta e realizar fotos e vídeos da ruta.

Bo Camiño!


Bom Caminho!




INGLÉS



FRANCÉS



PORTUGUÉS



GALEGO

| | | | | | | | |
|---------|------------|------|--------------|--|-----------|--------|----------------------|
| | | | | | | | |
| Bonjour | | | Je m'appelle | | | Please | Is far? |
| | Obrigado/a | | | | | | Como é que se chama? |
| | | Hoxe | | | Son de... | | |



Apuntamentos da peregrinaxe

- Emprega estas páxinas para tomar anotacións ou debuxar.

MIÑO TO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

~ 44 ~

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE


~ 45 ~

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

~ 46 ~

MIÑOTO-RIBEIRO PEREGRINAMENTE

~ 47 ~



BIBLIOGRAFÍA

A) Bibliográficas:

Para organizar os contidos deste libro consultamos principalmente estas obras:
 Maceiras, L., Estevez, J.R., García, D., Lamas, J., Lozano, M., Maceiras, M. e Segovia, A. (2021). *A saúde e os seus coidados no Camiño Miñoto-Ribeiro*, guía práctica. Universidade de Vigo.

Pérez, C., Lamas, J. e Estevez, J.R. (2022). *Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro*. Imprenta Celanova.

Rodríguez, C., Alonso, M. e Coria, M. (s.d.). *Mirando polo Camiño, material didáctico*. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia. Recuperado o 1 de decembro de 2022 de <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1447236385/contido/index.html>

B) Webs consultadas e de interese:

- www.caminominotoribeiro.com/
- www.caminodesantiago.gal/
- www.caminosantiago.org/
- vivecamino.com
- sites.google.com/a/cprgijon.es/camino-de-santiago/home/recursos-educativos

→ Solucións do exercicio da páxina 6

- | | |
|---------------------|-------------------------|
| 1. Vieira | 7. Credencial |
| 2. Frecha amarela | 8. Compostela |
| 3. Mollón | 9. Catedral de Santiago |
| 4. Cruz de Santiago | 10. Ano Santo |
| 5. Bordón ou bastón | 11. Botafumeiro |
| 6. Cabaza | 12. Pórtico da Gloria |

Valedor/a do Camiño Miñoto-Ribeiro

Despois de todo o visto e aprendido neste Caderno de Campo podemos asegurar que xa estás en condicións de exercer de **Valedor/a do Camiño Miñoto-Ribeiro**, pois adentrácheste na historia do Camiño de Santiago, e, en concreto, no Miñoto-Ribeiro, dos máis antigos e que está por descubrir.

Para manter vixente a condición de Valedor/a do Camiño Miñoto-Ribeiro no teu territorio, debes ter en conta:

1. Saudar as peregrinas e os peregrinos coa frase **Bo Camiño!**
2. Coidar o contorno e o propio Camiño, e facer o posible porque quede mellor do que ti o atopas.
3. Respetar as paisaxes e monumentos que tes máis próximos e dalos a coñecer.
4. Poñer en valor o teu territorio.
5. Informar e indicar de forma correcta a quen pregunte.
6. Compartir a experiencia.
7. Levar o caderno de campo contigo e unha cámara para inmortalizar momentos únicos.
8. Coidarte ti.
9. Gozar do camiño!



Para saber máis:

www.raiceiros.org
www.caminominotoribeiro.com

| | |
|--------------------------------------|---|
| CAMIÑO MIÑOTO RIBEIRO | CREDENCIAL DE PASO Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro |
| Comezamos! Bo Camiño! | Nome: _____ |
| | Apelidos: _____ |
| | Concello: _____ |
| | Comeza a peregrinación desde _____ |
| | ata _____ |
| Data: _____ Lugar: _____ | |
| | |
| Data: _____ Lugar: _____ | Data: _____ Lugar: _____ |
| | |
| Data: _____ Lugar: _____ | Data: _____ Lugar: _____ |

→ Recorta a credencial ou debúxaa noutra folla para facer a túa peregrinaxe.

- Que cha selen e asinen nas institucións (concello, casa de cultura, centro de saúde...) ou comercios (bar, farmacia, tenda...) polos que pasas. Envíanos unha copia a raiceiros@gmail.com.

| | |
|-----------------------------|---|
| Data: _____ Lugar: _____ | Data: _____ Lugar: _____ |
| Data: _____ Lugar: _____ | Data: _____ Lugar: _____ |
| Data: _____ Lugar: _____ | Data: _____ Lugar: _____ |
| Data: _____ Lugar: _____ | <p>Chegaches! Parabéns!</p> <p>(Espazo reservado para o selo da chegada)</p> |



→ Ao remate da experiencia elabora unha presentación audiovisual ou un podcast da túa peregrinaxe polo Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro.

- Logo preséntao na clase, á familia, ás amizades, á veciñanza... e fai a máxima difusión posible.
- Este traballo envíao a raiceiros@gmail.com, pois encantaranos saber como che foi!

Elaboran e coordinan: Iván García García e Sofía Riveiro Olveira

Corrección lingüística: Henrique Neira Pereira

Colaboran: Manuel García Torre, Héctor Rodríguez Martínez, Jesús Rodríguez Rodríguez, Xerardo Albela González, Xulia Sánchez Vilas, Marcial José Méndez Álvarez, Cástor Pérez Casal

Asociacións colaboradoras:

Asociación de Concellos do Camiño Miñoto-Ribeiro

Asociación de Amigos/as do Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro

Deseña e maqueta: Isabel Albela González

Depósito Legal: C 285-2023

ISBN: 978-84-09-48731-8

Edita:



Co apoio de:

